

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 26 de decembro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta minutos do día vinte e seis de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1469).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1470).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DE VIGO COMO DESTINO TURÍSTICO EN MEDIO ONLINE. EXPTE. 4865/104.**

Visto o informe de fiscalización do 18.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación do 19.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Tomar razón das exclusións das empresas ITC MENSULA, S.L., e INFORPRESS, S.L., do procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de execución dunha campaña de promoción online de Vigo como destino turístico, acordadas pola mesa de contratación na súa sesión de data 2 de decembro de 2013, á vista do informe de valoración da oferta técnica e económica da xefa do servizo de Turismo de data 26 de novembro de 2013, por non cumprir cos requirimentos do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Adxudicar a ESMERARTE SERVICIOS ARTÍSTICOS, S.L., o procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de

execución dunha campaña de promoción online de Vigo como destino turístico (expediente 4865-104) por un prezo total de 70.700 € (IVE incluído), e as seguintes prestacións adicionais:

- Unha redución do prazo de execución de 8 días naturais respecto do prazo de 60 días naturais proposto no prego de cláusulas administrativas particulares.
- 188,14 GRPs (GRP: número total de impactos que xeran as insercións publicitarias por cada 100 persoas do público obxectivo). Os impactos de cada medio estarán certificados por terceiros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

#### **4(1471).- PROPOSTA DE REVISIÓN DE TARIFAS DE TAXI NA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2014. EXPTE. 197/449.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 18.12.13, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e Transportes, que di o seguinte:

##### *I) TARIFAS VIXENTES*

*As tarifas de taxi da cidade de Vigo, aprobadas por Resolución da Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia de data 18 de febreiro de 2013 son as seguintes:*

##### TARIFA 1 ( días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Tarifa mínima (1817,20 m e/ou 319,20 segundos.)	3,45
Km percorrido	0,93
Hora de espera	19,06
Suplemento aeroporto	4,23
Suplemento Cotogrande	2,95
Maletas e vultos análogos	0,53

##### TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1200 m e/ou 214,60 segundos )	3,6
Km percorrido	1,03
Hora de espera	20,73
Suplemento aeroporto	4,23
Suplemento Cotogrande	2,95
Maletas y vultos análogos	0,53
Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro( dende as 00.00 ata as 10.00 ):	2.11 €.

##### *II) PROPOSTAS CONTIDAS NA SOLICITUDES PRESENTADAS*

*En data 10 de outubro de 2013 D. José Manuel Costas Alonso, presidente da Asociación Profesional Provincial de Autotaxis de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2014 na que manifestan que consiste en conxelar a Tarifa 2 e incrementar a Tarifa 1 nos conceptos de tarifa mínima e hora de espera, o que serían as seguintes tarifas :*

TARIFA 1: (días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima .....	3,60 €
Km. percorrido.....	0,93 €
Hora de espera.....	20,73 €
Suplemento aeroporto.....	4,25 €
Suplemento Cotogrande.....	2,95 €
Maleta.....	0,55 €

TARIFA 2: (Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados desde as 15.00 h e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima .....	3,60 €
Km. percorrido .....	1,03 €
Hora de espera .....	20,73 €
Suplemento aeroporto.....	4,25 €
Suplemento Cotogrande.....	2,95 €
Maleta.....	0,55 €
25 de decembro e 1 de xaneiro desde as 00.00 até as 10.00 suplemento sobre o que marque o taxímetro .....	2,15 €.

Do exame das tarifas propostas compróbase que tamén propoñen a revisión dos suplementos correspondentes ó aeroporto e a maleta que incrementan en 2 céntimos; e do suplemento do 25 de decembro e 1 de xaneiro en 4 céntimos.

A solicitude formulada supón un incremento en torno a un 4,35 % na tarifa mínima, un 8,76 % na hora de espera, no suplemento aeroporto un 0,47 %, un 1,89 no suplemento de Nadal e Aninovo e un 3,77% na maleta.

En data 30 de outubro de 2013, D. Manuel Choren Souto, como Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2014 e que ten o seguinte contido:

TARIFA 1: (Días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima .....	3,53 €
Km. percorrido.....	0,96 €
Hora de espera.....	19,52 €
Suplemento aeroporto.....	4,33 €
Suplemento Cotogrande.....	3.03 €
Maleta.....	0,55 €

TARIFA 2:(Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados, e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima.....	3, 69 €
Km. percorrido.....	1,05 €
Hora de espera.....	21,22 €
Suplemento aeroporto.....	4,33 €
Suplemento Cotogrande.....	3.03€
Maleta.....	0,55 €

25 de decembro e 1 de xaneiro dende as 00.00 até as 10.00 suplemento sobre o que marque o taxímetro .....2,15 €.

A solicitude formulada supón un incremento en torno a un 2,4% das tarifas.

Na mesma data presentan outra solicitude na que propoñen que a revisión non inclúa modificación das contías das tarifas, senón redución dos metros de cada unha das tarifas fixando os correspondentes á tarifa 1 en 1.700 m., e os correspondentes á tarifa 2 en 1.100 m.

### III) INFORME

Examinado o contido das distintas propostas informase o seguinte :

--As solicitudes formuladas non son homoxéneas, xa que cada unha delas propón modificar conceptos distintos.

--Non presentan estudos estatísticos sobre a incidencia das variantes propostas nos traxectos ou servizos que se efectúan .

--O IPC xeral e o de transporte da comunidade autónoma de Galicia son negativos ( interanual de outubro a outubro).

Considerando ao anterior propónse para o servizo de taxi da cidade de Vigo durante o ano 2014 manter as tarifas que foron autorizadas pola Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia de data 18 de febreiro de 2013."

### IV) TRAMITE DE AUDIENCIA

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios, durante o prazo concedido ao efecto, formulanse as seguintes alegacións :

Con data 11 de decembro de 2013 D. Manuel Choren Souto presenta alegacións en nome da Sociedade Cooperativa Galega de Autotaxis e Gran Turismo de Vigo e Provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos del Taxi de Pontevedra co seguinte contido :

No artigo 40 da lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia establece que a prestación do servizo de taxi esta suxeita a un rexime de tarifas obrigatorias que deberán garantir a cobertura do coste real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitiran unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial .

Solicitan que non se incrementen as tarifas de forma expresa senon que se reduzan os metros incluídos na coantía mínima o que afectaría soamente ao 50% dos servizos e neste 50 % o incremento total sería de 10 centimos.

Engaden que o IPC dos servizos de transporte na Comunidade Autónoma de Galicia no período comprendido entre setembro de 2012 a setembro de 2013 foi dun 3,4% e para o período comprendido entre xaneiro de 2013 e setembro de 2013 foi dun 2,6% polo que non foron negativos ; a aplicación destes porcentaxes aos que estarían lexitimados sería máis perxudicial para os usuarios

### V) INFORME TÉCNICO

De conformidade cos acordos adoptados na Xunta Local de Prezos e Mercados de datas 20 de decembro de 2004 e 22 de decembro de 2005, nas revisións das tarifas de taxis nos últimos anos foron equiparándose as tarifas da cidade de Vigo as da media das restantes cidades gale-

gas , utizandose asimesmo nas ultimas revisións a variación do IPC interanual do servizo de transportes da Comunidade Autonoma Galega de outubro a outubro .

Se ben e certo como se manifesto no informe de data 1 de decembro de 2013 que o IPC xeral nacional e negativo así como o IPC do transporte da Comunidade Autonoma de Galicia, a vista das alegacions formuladas comprobouse o IPC interanual do servizo de transportes da comunidade autonoma galega por ser o IPC que ven utilizandose durante os ultimos anos nas revisións tarifarias do taxi da cidade de Vigo no periodo outubro 2012 -outubro 2013 . Dito IPC según a documentación adxunta obtenida do INE e dun 3,4%.

Aplicando o citado IPC as actuais tarifas daría como resultado unha tarifa de 3,56 € no concepto da coantía mínima na tarifa 1; e unha tarifa de 3,72 € no concepto da coantía mínima da tarifa 2 .( ademais do incremento nos demais conceptos )

Aplicando a redución dos metros proposta na alegación presentada, o resultado sería :

Na tarifa 1 nun recorrido de 1.800 metros a tarifa sería 3,543 € ( coantía mínima + tarifa km. )

Na tarifa 2 nun recorrido de 1.200 metros a tarifa sería 3,703 € ( coantía mínima + tarifa km.)

Esta modificación tarifaria nun recorrido de 1.700 metros na tarifa 1 o 1.100 metros na tarifa 2 non afectaría ao prezo ; nos recorridos entre 1.700 e 1.800 metros na tarifa 1 supondría un incremento de 2,6957% e na tarifa 2 os recorridos entre 1.100 e 1.200 metros supondría un incremento de 2,861% , e nos recorridos superiores a subida e decrecente .

Polo exposto e considerando que a aceptación da alegación formulada suporía unha tarifa inferior para o usuario que a aplicación do IPC dos servizos de transporte de Galicia ( 3,4 % ), IPC que se ven aplicando nas derradeiras revisións tarifarias do servizo de taxis da cidade, sometese a consideración do Consello Sectorial de Transportes así como a Xunta Local de Prezos e Mercados , a proposta formulada pola Sociedade Cooperativa Galega de Autotaxis e Gran Turismo de Vigo e Provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos del Taxi de Pontevedra no seu escrito de data 11 de decembro de 2013, consistente en manter a coantía actual das tarifas e reducir os metros de 1.800 a 1.700 na tarifa 1 no concepto de coantía mínima , e de 1.200 a 1.100 na tarifa 2 no mesmo concepto .

Solicitado informe a ITV sobre o viabilidade de programación do taxímetro coas modificacións propostas, informan que o tempo correspondente a distancia de 1.700 m. e 298,59 segundos e o tempo correspondente a una distancia de 1.100 m. e 196,759 segundos , para que o taxímetro poida ser programado de conformidade co disposto na vixente normativa.

En consecuencia e vistos os artigos 22 e 23 do vixente Regulamento nacional de servizos urbanos de transportes en automóviles lixeiros, Decreto 2226/77 de 27 de agosto, Orde de 26 de febreiro de 1993, Real Decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio, e o disposto na lei 4/2013 de persoas en vehículos de turismo de Galicia , sométese á consideración do Consello Sectorial de transportes así como a Xunta Local de prezos e Mercados para a súa posterior remisión á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA**

1.- Aceptar a alegación formulada pola Sociedade Cooperativa Galega de Autotaxis e Gran Turismo de Vigo e Provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos del Taxi de Pontevedra, consistente en manter a coantía das tarifas vixentes reducindo na tarifa 1 os 1.800 metros a 1.700 metros na coantía mínima e na tarifa 2 reducir os metros de 1.200 a 1.100 o que suporía un incremento na coantía mínima da tarifa 1 dun 2,6957 % e na tarifa 2 dun 2,861 %

2.- En consecuencia aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos autotaxis da cidade para o ano 2014, de conformidade co informe que antecede e que serían as seguintes :

TARIFA 1( días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Tarifa mínima (1700 m e/ou 298,59 segundos.)	3,45
Km percorrido	0,93
Hora de espera	19,06
Suplemento aeroporto	4,23
Suplemento Cotogrande	2,95
Maletas e vultos análogos	0,53

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1100 m e/ou 196,759 segundos )	3,6
Km percorrido	1,03
Hora de espera	20,73
Suplemento aeroporto	4,23
Suplemento Cotogrande	2,95
Maletas y vultos análogos	0,53
Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro( dende as 00.00 ata as 10.00 ):	2.11 €.

3.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1472).- PROPOSTA DE REVISIÓN DE TARIFAS DE VITRASA NA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2014. EXPTE. 241/449.**

Visto o informe de fiscalización, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 16.12.13, conformado mediante dilixencia polo concelleiro-delegado de Fomento e Transportes, que di o seguinte:

TARIFAS SOLICITADAS

D. Juan Carlos Villarino Tejada, Director Xeral da entidade mercantil "Viguesa de Transportes , S.L." (Vitrassa), na data 25 de outubro de 2013 presenta solicitude de modificación da tarifa e do prezo do coche/qm do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de Vigo para o ano 2014, de conformidade co establecido no artigo 62 do Prego de condicións económico-administrativo que rexiu o concurso para a concesión do servizo, achegando á solicitude memoria e estudo económico.

As tarifas que solicitan son as seguintes:

\*\*\* billete ordinario 1,35 euros/viaxeiro.

\*\*\* prezo coche/qm 5,3818 euros/qm.

TARIFAS VIXENTES

As ultimas tarifas aprobadas por Resolución da Ilma. Sra Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia na data 30 de decembro de 2011 son as seguintes:

*billete ordinario..... 1 . 25EUROS*

prezo coche/Qm..... 5,0341 EUROS

Os prezos foron incrementados o 1 de setembro de 2012 polo incremento do IVE dende o 8% ao 10%. sendo o prezo do billete 1,27 €.

#### I N F O R M E

Examinada a documentación aportada pola empresa solicitante informase o seguinte :

A empresa Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA), concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade por acordo do Pleno da Corporación de data 16 de setembro de 1994, solicita revisión de tarifas, de conformidade co previsto no artigo 62 do Prego de condicións que rexiu na adxudicación da concesión.

A empresa concesionaria presenta memoria e estudo económico xustificativo das novas tarifas que propón, que se aplicarían a partir do 1º de xaneiro do ano 2014..

Os prezos que se solicitan ( incluído IVE do 10 % ) son os seguintes:

Billete ordinario	1,35 €
Prezo coche/ Qm.	5,3818 €

De conformidade co Prego de condicións que rexiu na adxudicación da concesión e coa oferta adxudicataria a tarifa ten a seguinte estrutura:

Custo unitario

Repercusión material móbil

Repercusión terreos e instalacións

Ingresos por publicidade (a deducir)

#### CUSTO UNITARIO

O custo unitario revísase aplicando ó valor do coeficiente de revisión  $K_t$ , que resulta da fórmula polinómica de revisión fixada no Prego de condicións o valor do custo unitario da adxudicación.

Os valores de orixen e os coeficientes da fórmula polinómica figuran na oferta.

Os valores do momento "t" de revisión, xustifícanse:

Ht polo Convenio Provincial

Ct polo prezo medio nacional do Gasóleo A publicado pola Subdirección xeral de hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e tecnoloxía..

IPCt polo certificado do I.N.E.

A) Factor man de obra.

A empresa propón como factor man de obra a cantidade de 25.274,04 €.

Di que como non esta aprobado o Convenio provincial de transporte propoñen aplicar o IPC a decembro de 2012 .

De conformidade co disposto no prego de condicións que rixe a concesión o valor da man de obra revisarase en función do Convenio Provincial de Pontevedra do Sector do Transportes, correspondente a un traballador con categoría laboral de conductor , supoñendo constante o número de horas traballadas , tendo en conta os costes da seguridade social e outras cargas que corresponda pagar a empresa.

Na revisión tarifaria do ano 1997 interpretouse como transformada a plantilla ofertada a 268 traballadores pola aplicación de horas estruturais e como consecuencia da diminución do absentismo; a plantilla media anual son 310 traballadores, de conformidade cos TC2 aportados

pola empresa e a certificación da mesma e o persoal de limpeza cúbrese mediante contrato con unha empresa, (según certificación aportada pola empresa concesionaria)

Examinada a cantidade que propon a empresa, considerase que non pode aceptarse por aplicar un incremento que non se corresponde con o sector do transporte, de conformidade co disposto no prego de condicións, procedendo en todo caso a plicación da mesma coantía da pasada revisión.

B) Factor combustible .

En xuño do ano 96 desapareceu o concepto de prezo máximo autorizado do gasóleo A, que se fixaba por Orden do Ministerio de Industria e Enerxía, e que de conformidade co disposto no prego de condicións era o índice a considerar para a revisión do factor combustible, polo que ata a data acordouse o prezo a aplicar de común acordo entre o Concello e a empresa concesionaria .

Dende a revisión correspondente ao ano 2002 e de comun acordo coa empresa concesionaria vense utilizando a referencia o mes de xuño do ano 1996, ano da última publicación no B.O.E. do prezo máximo autorizado do gasóleo, relacionando o citado prezo co precio medio nas gasolineras, do que se obtén un índice corrector :

Prezo medio de gasolinera xuño 1996 87,70 ptas  
Índice aplicable 1,033

Prezo máximo autorizado B.O.E. xuño 1996 90,60 ptas

E o citado índice aplícase á media dos prezos medios do gasóleo de automoción, dende setembro a agosto do último ano, publicados pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. A este resultado correspondería engadir o imposto que se fixa no Decreto Lexislativo 1/2011 de 18 de xullo polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos por el Estado, polo que se estableceu un gravamen no imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos, que no caso do gasóleo serían 12 € por 1000 litros, é dicir, 0.012 € por litro, tal e como se acordou na revisión do ano 2006.

A empresa concesionaria no expediente de revisión presentado solicita que se aplique a fórmula orixinal do prego, o que según manifesta e posible de acordo coa serie continuada de prezos do gasoil dende o ano 1993, obtida através da información solicitada a Subdirección Xeral de Hidrocarburos, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a su vez publicada no Boletín Petrolero da UE.. Non obstante e para o cálculo de prezo aplica o prezo medio nacional de gasoleo de automoción do mes de agosto engadindolle o imposto autonómico de hidrocarburos .

Examinada a documentación aportada, considerase que non é posible aplicar estrictamente o disposto no Prego de condicións que rixe a concesión, tal e como di a empresa concesionaria, pola desaparición do concepto de prezo máximo autorizado, non xustificándose na citada documentación que a serie continuada de prezos de gasoleo, sexa equivalente o concepto de prezo oficial máximo, polo que a xuízo da técnica que suscribe procede manter o criterio de revisión utilizado até a data .

Media do precios medios de gasoleo A dende setembro 2012 a agosto 2013:  
136,84 m/li.

O factor combustible sería =  $1,3684 \times 1,033 = 1,4135 + 0,012 = 1,425$



### C) Factor I.P.C

A empresa Vitrasa acepta na presente revisión o criterio que se aplica nos últimos anos de conformidade cos datos recabados de Intervención Municipal consistente en considerar a variación de prezos dende xuño de 1994 ata o último agosto ( 2013), e onde xa se recollen os cambios de base e que é un 71,4 %

$$KT=0.6295 \frac{24.562,40+0.1196}{11.482,04} 1,425 + \frac{(0.0296+0.1613)}{0.509} 1,714+ 0,06$$

$$KT= 1,3466+0,3348+0,3272+0,06=2.0686$$

Co que o prezo unitario billete ordinario  $0.4928 \times 2.0686=1,0194$   
custo unitario coche / quilómetro  $1.9884 \times 2.0686=4.1132$

### Nº DE VIAXEIROS

A empresa concesionaria propón como previsibles para a próximo ano, 19.438.069 viaxeiros de conformidade co disposto no apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de decembro de 2009 según o cal se fixa como nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaria o nº real de viaxeiros de pago transportados no periodo comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do periodo inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaria incrementado en máis o en menos no porcentaxe de variación no mesmo periodo. O número real de viaxeiros durante o citado periodo e 19.266.140 .

### REPERCUSIÓN MATERIAL MOBIL

Este concepto fórmase pola amortización correspondente ó ano de revisión, máis os gastos financeiros da inversión pendente de amortizar.

A cota de amortización correspondente ó ano 2014 sería según o cadro de amortización presentado pola empresa concesionaria 1.938.324,98

No ano 2014 a empresa non inclue a incorporacion de novos vehiculos polo que a inversión realizada e 38.178.164,50 €

A cantidade pendente de amortizar e polo tanto o importe dos gastos financeiros sería:

---- Inversión concesión :	38.178.164,50 €
---- Cantidade xa amortizada :	24.005.873,60 €
---- Cantidade pendente de amortizar	14.172.290,09 €

Os gastos financeiros ascenderán a :

Inversión pendente de amortizar  $14.172.290,09 \times 0,08 = 1.133.783,20$

Como consecuencia a cantidade correspondente a amortización e máis os gastos financeiros ascende a 3.072108,18 €

Repercusión por viaxeiro e qm

$$\text{€/viaxeiro} \equiv \frac{3.072108,18}{19.438.069} 0,1580 \text{ €/ viaxeiro}$$

$$\text{€/quilómetro} \frac{3.072108,18}{5.142.623} = 0,5974\text{€/quilómetro}$$

Nos calculos feitos pola empresa relativos a repercusión do material mobil non foi tomada en conta a cantidade correspondente a amortización do ano 2013 xa que as tarifas non foron autorizadas pola Xunta de Galiza según Resolución da Directora Xeral de Comercio de data 18 de febreiro de 2013 , non obstante considerase que procede computar a amortización correspondente ao ano 2013 : 2.000.523,18.

REPERCUSION TERREOS

A repercusión correspondente a terreos e instalacións de acordo co cadro de amortización lineal é de 597.707,14 €.

Repercusión por viaxeiro e qm.

$$\text{€/viaxeiro} \quad \frac{597.707,14}{19.438.069} = 0,0307 \text{ €/viaxeiro}$$

$$\text{€/quilómetro} \quad \frac{597.707,14}{5.142.623} = 0,1162 \text{ €/quilómetro}$$

PUBLICIDADE

É un concepto a deducir do custo.

A concesionaria manifesta que os ingresos pola publicidade ascenden a 216.468,72 presentando certificados das empresas contratistas.

$$\text{O que supón unha deducción de} \quad \frac{216.468,72}{19.438.069} = 0,0111 \text{€ /viaxeiro}$$

$$\frac{216.468,72}{5.142.623} = 0,0421 \text{€/quilometro.}$$

De conformidade cos valores obtidos :

**PREZO BILLETE ORDINARIO**

Custo unitario	1,0194	
Repercusión material mobil	0,1580	
Repercusión terreos e instalacións.	0,0307	
Publicidade	<u>0,0111</u>	
Total	1,1970	
I.V.A.	<u>0,1197</u>	
	1,3167 redondeo 1,32	

**PREZO COCHE /KILOMETRO**

Custo unitario	4,1132	
Repercusión material mobil	0,5974	
Repercusión terreos e instalacións	0,1162	
Publicidade.	<u>0,0421</u>	
Total	4,7847	
I.V.A	<u>0,4784</u>	
	5,2631	

## INFORMACIÓN ECONOMICA

De conformidade co disposto no artigo 62 de prego de condicións que rixe a concesión o concesionario estará obrigado a presentar anualmente unha auditoría de empresa, efectuada pola empresa auditora elixida polo Concello entre unha terna de recoñecida solvencia presentada polo concesionario e con estricte suxeición a lei de auditorías

### LEXISLACIÓN APLICABLE

O procedemento aplicable para a revisión da tarifa é o establecido no artigo 62 do Prego de condicións que rixe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros, aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada en data 26 de maio de 1994.

Así como tamén o disposto no Decreto 2695/77, de 28 de outubro, Decreto 2226/77, de 27 de agosto, Orde de 30 de setembro de 1977, Disposición transitoria primeira do Real Decreto 1947/79, de 3 de agosto e a Orde de 26 de febreiro de 1993.

Tendo en conta o ata aquí exposto, sométese a dictame da Xunta Local de Prezos e Mercados, así como ao do Consello Sectorial de Transportes, para o seu posterior estudio pola Xunta de Goberno Local, a seguinte:

### **PROPOSTA:**

1) Aprobar a revisión de tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa "VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L." para o ano 2014, sendo os prezos a aplicar có IVE incluído, de conformidade cós informes emitidos obrantes neste expediente os seguintes:

- \* prezo billete..... 1,32 €
- \* prezo coche/qm..... 5,2631 €

2) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de Prezos autorizados.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.